




POLA TERRA CHA CON MANUEL MARÍA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 170 km (aprox.)


Dificultade: baixa

Duración: unha xornada (mínimo)

Un percorrido pola Terra Cha inspirado no libro de Manuel María, do que se cumprían 60 anos da súa publicación en 2014. Calquera desculpa ou motivación é válida para percorrer o país, pero os lugares e as paisaxes vense con ollos diferentes cando alguén chos fai chegar coa paixón e o agarimo de quen os coñece e ama profundamente.

Seguindo a Manuel María, propoñemos unha achega á Terra Cha xeográfica, terra de amplos horizontes, na que, a pesar de transcorridos sesenta anos, aínda podemos buscar e atopar as referencias que aparecen nos poemas, ou comprobar os cambios, e gozar de espazos naturais, elementos histórico-artísticos e etnográficos únicos e característicos da zona. Todo este amplo territorio está incluído na Reserva da Biosfera “Terras do Miño” e unha boa parte da súa rede fluvial está protexida no LIC “Parga-Ladra-Támoga”.

Nun só día é imposible percorrela toda e visitar cada lugar interesante, pero pode servirnos para unha boa aproximación facer unha viaxe dunha xornada (uns 170 km) e achegarnos a unha ducia de lugares. Logo poderíamos facer outras viaxes máis de vagar para percorrer a pé algunhas das moitas rutas que aparecen indicadas nos diferentes concellos.



“Consideramos a Terra Chá o eido máis fermoso deste mundo”; este párrafo e os que seguen son unha escolma do discurso lido por Manuel María o día 15 de febreiro de 2003, con motivo da súa recepción como membro da Real Academia Galega:

“Podemos caracterizala como unha comarca ou bisbarra. Para nós é un universo. O seu espacio real non coincide co oficial. Imos, pois, determinar o seu espacio real, o que a xente denomina e coñece como Terra Chá.

Linda ao norte coas Serras da Corda e da Carba. Ao sur, cos Montes de Outeiro Maior e a Serra do Fitoiro, que hai quen lle chama do Mirador, e incluso de San Fitoiro. Ao leste, ou nacente, coa Serra de Meira; e ao oeste, ou poñente, coa serra da Loba, Cordal do Montouto e Cova da Serpe. Pertence a tres partidos xudiciais e a dous bispados. As demarcacións municipais non cadran coa da bisbarra. Na actual división comarcal de Galicia incluíron na Terra Chá concellos enteiros, ou parte deles, que xeograficamente non son nin endexamais se consideraron chairegos. E excluíron outros esencialmente chairegos como Rábade e Outeiro de Rei...”

COMO CHEGAR

Aínda que calquera punto pode servir como incio da ruta, nós tomamos como punto de partida Outeiro de Rei, e no mesmo centro da vila visitamos a **Casa-Museo de Manuel María** que acolle o conxunto do legado do poeta e, ao mesmo tempo, a sede da Fundación Manuel María de Estudos Galegos. Desde alí baixamos ao **río Miño** onde podemos dar un paseo pola **Carballeira de Santa Sabela** e ver a capela e o muíño (con máis tempo poderíamos facer unha ruta pola beira seguindo o itinerario marcado polo concello como Camiño do Miño).

Desde Outeiro de Rei collemos a estrada de O Castro e facemos un desvío a **Bonxe** para visitar un obradoiro de oleiría tradicional. En **O Castro** vemos o centro da vila, coa carballeira, antigo campo da feira e, pola estrada de Abadín, achegámonos á **lagoa de Caque**, unha das máis grandes da Terra Cha. Volvemos a Castro e de alí dirixímonos a **Castro de Rei**, onde visitamos o conxunto histórico e as ribeiras do río Azúmara; na metade do camiño do Castro a Castro de Rei pódese facer un desvío para visitar o **Castro de Viladonga**.

De Castro de Rei collemos a estrada a Matodoso, que atravesa unha das zonas máis chas, de amplas panorámicas, e de alí a **San Xiao de Mos**, onde visitamos a igrexa na que se celebra a romería da Virxe da Saleta. Volvemos a Matodoso e de alí dirixímonos á Feira do Monte. Na metade do traxecto atópase **Xermar**, unha zona interesante polos humidais da beira do Miño e que acolle un fermoso cemiterio de estilo chairego.




Casa de Hortas en Outeiro de Rei, actualmente museo de Manuel María. Inaugurada o día 7 de setembro de 2013.



...
*Hemos ir á túa romaxe,
santiña de pouca sona.
¡Miña Virxe da Saleta,
patrona da miña dona!*
...

Igrexa de San Xiao de Mos, na que se celebra a romaxe da Virxe da Saleta.



Carballeira de Santa Sabela, a carón do Miño.

*O Miño é vello e é tristeiro:
sempre vai mudo e vai senlleiro.*

...
*Ún escoita, atento e espranzado,
e o vello Miño sempre vai calado.*

Na **Feira do Monte (Cospeito)** subimos ao Miradoiro da Terra Cha, ao pé da igrexa da Virxe do Monte e logo achegámonos á **lagoa**. Continuamos a viaxe pola estrada que vai a O Mato, onde se atopa a **Torre de Caldaloba**, ata chegar á estrada que vai a Vilalba. Antes de entrar na vila continuamos pola circunvalación en dirección a Abadín para chegar a **Goiriz** onde hai unha igrexa cun fermoso cemeterio. Volvemos cara a Vilalba e saímos pola estrada que vai a Ferrol e, en Santabaia collemos o desvío que nos leva ao Alligal de Codesido, onde podemos ver os lameiros e unha surxencia termal acondicionada como piscina de uso público. Volvemos a **Vilalba** e facemos unha parada para visitar o centro da vila, no que destaca a Torre dos Andrade, as casas tradicionais, o Museo Arqueolóxico e a “Pravia”, un pradairo protexido como “arbore senlleira”. Alí podemos tamén facer unha pequena ruta polo río Madalena.



Camposanto de Goiriz (Vilalba).

...
Cruceiros esceicionales:
¡sodes irmaos dos sartegos,
lanzales e orixinales,
dos camposantos chairegos!
...



Lagoa de Cospeito



Torre de Vilalba.

...
¡Pazo de Sistallo! ¡Torres de Vilalba,
A Caldaloba, Taboi e máis Sobrada:
facedes garda de honor a inmensidade
e velais o misterio e o silencio
que envolve como un manto a miña terra!
...

Desde Vilalba saímos pola estrada que vai a Baamonde e en **Saa**, saímos para ver a Ponte Vella, sobre o río Labrada, no Camiño de Santiago. En **Baamonde** compre visitar a igrexa de Santiago e o castiñeiro da Capela, protexido tamén como “árbore senlleira”. Saíndo en dirección a Guitiriz desvíámonos á **capela de San Alberte**, un fermoso recuncho cunha ponte medieval sobre o río Parga. Volvemos a Baamonde e seguimos a estrada en dirección a Lugo, no camiño podemos facer unha parada en **Begonte** para visitar o conxunto das **lagoas do Pedroso**. Seguimos ata **Rábade** onde visitamos o Miño coa ponte medieval; aquí podemos camiñar pola beira do río, onde hai unha ruta ata as illas de Cela; e a Lagoa do Rei, que se atopa detrás do polígono industrial. Para rematar a viaxe, achegámonos, pola estrada que vai de Rábade e Uriz, ata as **Penas de Rodas**, un interesante lugar para facer un descanso e contemplar fermosas vistas da Terra Cha.



Fonte miragreira ao pé da capela de San Alberte de Parga (para curar problemas da fala).

...

***San Alberte milagreiro
eres, coma mín, chairego:
¡dame un falar verdadeiro
no noso idioma galego!***



Penas de Rodas.

...

***Se ambas penas se desfán
arde, co mundo, un tesouro:
¡unha pena é de alquitrán,
a outra unha trabe de ouro!***



Castiñeiro da capela. (Baamonde).
Está incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras.



Paisaxe da Terra Cha. Na actualidade a maior parte das terras están dedicadas á produción de forraxe para manter á numerosa cabana gandeira.

***Ollada a Terra Cha dende as alturas
é semellante a un mar en calma.
Para medila só valen dúas mensuras:
¡ferrados de corazón, fanegas de alma!***